

ACORDOS
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DIA 31 DE AGOSTO DE 2015

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12.00 horas, do día trinta e un de agosto de dous mil quince, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcaldesa en funcións:

D^a Inés Santos Pereiro

Concelleiros:

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretario acctal:

D. Alfonso García Ferreira

ORDE DO DIA

- 1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-
- 2.- ESCRITOS OFICIAIS.-
- 3.- ESCRITO DE DONA J.G.S.-
- 4.- APROBACIÓN FACTURAS.-
- 5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE J.M.B.F.-
- 6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.-

Acordos adoptados:

- 1.Aprobación do acta da sesión anterior.

2. ESCRITOS OFICIAIS.-

- A) Da Dirección Xeral de Administración Local, pala que se emite informe plo que non se aprecia duplicidade nos servizos de atención á infrnaica . e considérase necesaria e oportuna a posta en funcionamento do Punto de atención á infancia xa que o concello conta con poboación infantil suficiente para a cobertura de prazas dispoñibles.

Acordos adoptados:

A Xunta dase por enterada.

Dar conta no vindeiro Pleno.

- B) Da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, requerindo documentación para complementar o expediente que se está tramitando para a
- C) Pola Presidencia ciase conta da acta da visita de control de investimentos por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural na obra Camiño Mordón · Nougaira (Bardaos) e outros) incluída no Programa de Mellora de Camiños Rurais de Titularidade Municipal 2014-2015, na que se observan deficiencias.

Acordos adoptados:

Darlle traslado ao director da obra a fin de que emita informe así como á empresa adxudicataria.

- D) De Augas de Galicia, plan de control de vertidos, dando conta da campaña de inspeccións efectuadas no Concello de Tordoia, informando dos vertidos detectados.

Acordos adoptados:

Darlle traslado ao concelleiro responsables de vías e obras para que informe e se estes son procedentes de titularidade privada, requirir aos emisores para que procedan a resolución do problema.

- E) Da Dirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, polo que se require a subsanación de defectos en canto as seguintes autorizacións EDAR: Bardaos, Tarroeira e Pontepedra.

Acordos adoptados:

Darlle traslado á empresa concesionaria do servizo para subsanación e presentación de documentación requirida. Igualmente informase da proposta de autorización para vertido de augas domésticas en Carballadrade, debendo enviar o primeiro control de vertido no prazo de un mes.

A Xunta de goberno dase por enterada.

- F) Da Directora do Punto de Atención á Infancia, polo que propón a adquisición de produtos imprescindibles para o funcionamento do centro.

Acordos adoptados:

A Xunta acorda autorizar a compra do material e equipamento que se relaciona no escrito de data 26 de Agosto.

3. ESCRITO DE DONA J.G.S.-

Por Dona J.G.S., veciña de Baldaio · Andoio, solicita que a limpeza, apertura e deslinde do camiño que da acceso a súa finca en Altiboia, e marcar o camiño cos lindes a cada lado. A Xunta de Goberno Local acorda darlle traslado aos servizos urbanísticos para que emitan informe técnico e proceder ao seu estudo.

4. APROBACIÓN FACTURAS.-

NOMBRE TERCERO	LÍQUIDO	FACTURA
AULOCE S.A. (ESPUBLICO.COM)	2.314,80 €	F/2015/1042
GUERRA NEIRA, Luis	17.380,00 €	F/2015/1055
XEIRA CONSULTORA S.COOP.GALEGA	3.531,05 €	F/2015/1199
R.C.DEPORTIVO DE LA CORUÑA S.A.D.	1.497,00 €	F/2015/1206
REMOLQUES GONZÁLEZ S.L.	1.427,80 €	F/2015/1208
ALMACENES PALLAS S.L.	3.338,23 €	F/2015/1221
CAEIRO REY S.L.	1.222,81 €	F/2015/1227
FERNÁNDEZ FRAGA José (GALIOCIO)	1.452,00 €	F/2015/1235
GASOLEOS LA TABLILLA S.L.	1.358,00 €	F/2015/1236
TOTAL	33.521,69 €	

5. COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE J.M.B.F.-

Por Don J.M.B.F., de Vilasal - Anxeriz, realízase a comunicación previa de obras para reparación do material de cubrición (tella) na cuberta da súa vivencia.

Acordos adoptados:

A Xunta de Goberno acorda autorizar ditas obras.

6. ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.